

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 29 DE DECEMBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Decreto polo que se adoptan medidas en relación aos plans de emerxencia exterior do polígono da Grela Bens e do polígono dos Placeres Lourizán.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a convocatoria das bolsas de excelencia para a mocidade exterior (BEME) durante o curso 2022/23, por un importe total de dous millóns centro cincuenta mil euros (2.150.000€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, suxeita a regulación harmonizada e como expediente anticipado de gasto, da prestación do servizo de limpeza de determinados edificios administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia, polo importe de licitación de vinte e catro millóns oitocentos setenta e tres mil cento corenta e oito euros con vinte e seis céntimos (24.873.148,26€), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de corenta e nove millóns trescentos trinta e cinco mil cento setenta euros con dez céntimos (49.335.170,10€).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza eximir os organismos de investigación de Galicia da presentación de garantías polo importe dos pagamentos á conta e anticipados e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que estes últimos poidan alcanzar ata un 60% da subvención concedida, na convocatoria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas do programa de Unidades Mixtas de Investigación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, por importe de doce millóns de euros (12.000.000,00€), anticipado de gasto.

- Acordo sobre o Convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica, a Asociación de Xóvenes Empresarios de Ourense e o Parque Tecnolóxico de Galicia para a posta en marcha dun polígono virtual.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición pola Consellería de Facenda e Administración Pública de catro parcelas no Concello de Ourense, por importe de oito millóns catrocentos setenta mil euros con trinta e nove céntimos (8.470.000,39 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se declara unha área de rexeneración urbana de interese autonómico (Área Rexurbe) no concello de Ribadeo conforme a delimitación que se indica no plano anexo.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Porto do Son para a execución da obra: saneamento na parroquia de Queiruga. Porto do Son (A Coruña), por importe dun millón setecentos cincuenta e cinco mil trescentos oitenta e tres euros con oitenta e seis céntimos (1.755.383,86€), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do Eixo React UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19, tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Castrelo do Miño para o financiamento de actuacións de redución de arsénico en auga de consumo, tramitado como expediente anticipado de gasto, por importe de catrocentos mil euros (400.000,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vilagarcía de Arousa para a execución da obra: "Mellora do sistema de saneamento no concello de Vilagarcía de Arousa. Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)", por importe nove millóns oitocentos oitenta mil novecentos dezanove euros con noventa e seis céntimos (9.880.919,96€), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do "Servizo de explotación, conservación e mantemento da estación depuradora de augas residuais dos Praceres. Pontevedra", cun orzamento base licitación de dez millóns cento noventa e dous mil cento noventa e tres euros con cincuenta e tres céntimos (10.192.193,53€), e cun valor estimado de vinte e catro millóns cento cincuenta e oito mil catrocentos noventa e un euros con sesenta e cinco céntimos (24.158.491,65€), tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación relativo á execución da obra de "Adecuación do tratamento secundario e terciario, e outras actuacións de mellora na estación depuradora de augas residuais de Tragove. Cambados (Pontevedra)", por un importe de licitación de cinco millóns douscentos noventa e un mil douscentos cincuenta e seis euros con sesenta e tres céntimos (5.291.256,63€) e un valor estimado de catro millóns trescentos setenta e dous mil novecentos trinta e nove euros con trinta e seis céntimos (4.372.939,36€), cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación para a realización do Servizo para o deseño, elaboración e desenvolvemento dun sistema de información e de apoio na toma de decisións con aplicación de intelixencia artificial e aprendizaxe automática para o Servizo Público de Emprego de Galicia e a integración da visualización das novas utilidades nas aplicacións deste servizo para o Servizo Público de Emprego de Galicia. Contratación financiada con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE GALICIA 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pandemia da Covid-19, por un importe total de cinco millóns seiscentos noventa e nove mil euros e novecentos oitenta e un euros con vinte e cinco céntimos (5.699.981,25 €), e un valor estimado de catro millóns setecentos dez mil setecentos vinte e oito euros con trinta e un céntimos (4.710.728,31 €).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e se autoriza a sinatura do convenio de colaboración, por tramitación anticipada de gasto, entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Rede Europea contra a pobreza e a exclusión social no Estado español-Comunidade Autónoma de Galicia, para realización de programas integrados para o fomento da empregabilidade a persoas vulnerables no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por importe máximo de dous millóns cen mil euros (2.100.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Emprego e Igualdade a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e se autoriza a sinatura do convenio de colaboración, por tramitación anticipada de gasto, entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Comité español de representantes de persoas con discapacidade de Galicia (CERMI-GALICIA), para a realización de programas integrados para o fomento da empregabilidade das persoas con discapacidade de Galicia, dentro das políticas activas de emprego previstas na Comunidade Autónoma no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por importe máximo de cinco millóns cincocentos dous mil euros (5.502.000,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Aprobación das bases das subvencións ao desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector ao abeiro do Programa Hub da Industria Creativa Galega e da súa convocatoria para 2022 en réxime de concorrencia competitiva.
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación do límite indicado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Axencia Galega de Innovación (Gain) da Vicepresidencia Segunda e Consellería de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Economía, Empresa e Innovación, en relación coas axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i por un importe total de once millóns catrocentos vinte e catro mil euros (11.424.000,00€).

- Acordo polo que se autoriza eximir da obriga da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e a conta, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a superación do límite do 80% nos pagamentos parciais, de conformidade co artigo 62.2 do citado regulamento na orde conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, para a concesión en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i e pola que se procede á súa convocatoria para o exercicio 2022 por importe de vinte e dous millóns novecentos corenta mil euros (22.940.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de vacinas de calendario e outras, derivada do Acordo Marco do Ministerio de Sanidade, por un importe de dezaseis millóns setecentos noventa e tres mil oitocentos noventa e seis euros con oito céntimos (16.793.896,08€) e un valor estimado de dezanove millóns trescentos setenta e sete mil cincocentos setenta e dous euros con corenta céntimos (19.377.572, 40 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva de material informático para centros do Servizo Galego de Saúde, susceptible de financiamento o 100% no marco do eixe REACT- UE do programa operativo FEDER GALICIA 2014-2020, como parte da resposta da UE a pandemia da Covid-19, por un valor estimado de oito millóns novecentos cincuenta e un mil cincocentos euros (8.951.500,00 €) sen IVE.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se declara o interese autonómico do proxecto do: “Novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC)” para os efectos previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede Galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código do procedemento BS700A).

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento de grupos de emerxencia supramunicipais.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre as convocatorias de axudas de apoio á implantación de novas empresas: mellora de parques empresariais, creación de viveiros industriais e orde de repotenciación.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre os principais obxectivos do Plan estratéxico 2021-2030.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre a tramitación anticipada das bases reguladoras que se convocan para o ano 2022 de proxectos de creación, mellora e ampliación de servizos básicos locais en aldeas modelo e ámbitos territoriais vinculados aos instrumentos de recuperación da terra agraria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE ADOPTAN MEDIDAS EN RELACIÓNS AOS PLANS DE EMERXENCIAS EXTERIOR DA GRELA BENS E DE PRACERES LOURIZÁN

- O Consello da Xunta aprobou hoxe a revisión do plan de emerxencia exterior (PEE) do polígono da Grela Bens na Coruña e Arteixo e a derogación do Plan de emerxencia exterior do polígono dos Praceres-Lourizán en Pontevedra

O Consello da Xunta aprobou hoxe a revisión do plan de emerxencia exterior (PEE) do polígono da Grela Bens na Coruña e Arteixo e a derogación do plan de emerxencia exterior do polígono dos Praceres-Lourizán en Pontevedra.

Os plans de emerxencia exterior son os documentos que se elaboran para previr e, se é caso, mitigar as consecuencias dos posibles accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas, previamente analizados, clasificados e avaliados. Ademais, establecen as medidas de protección máis idóneas, os recursos humanos e materiais necesarios para a súa aplicación e o esquema de coordinación das autoridades, organismos e servizos chamados a intervir.

En cumprimento do artigo 33.2 da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, a renovación do Plan de emerxencia exterior foi remitida aos concellos de Arteixo e A Coruña. Posteriormente o Pleno da Comisión Galega de Protección Civil emitiu informe favorable, que foi elevado ao Consello Nacional de Protección Civil, que, na sesión da Comisión Permanente do 17/11/2021, procedeu a informalo favorablemente.

Doutra banda, o Decreto 49/2011, do 17 de marzo, aproba a segunda revisión do Plan de emerxencia exterior do polígono dos Praceres-Lourizán, que comprende os establecementos da Empresa Nacional de Celulosas -Ence- e de Electroquímica del Noroeste, S.A., -ELNOSA- en Pontevedra.

A empresa ELNOSA xa non ten actividade e mesmo as súas instalacións foron derruídas. E a empresa ENCE non almacena cantidades de substancias que obriguen a contar con plan de emerxencia exterior, nin presentan hipóteses de accidentes con afeccións ao exterior. E por iso que se considera axeitado derogar o plan de emerxencia exterior, para o que se elaborou un informe que foi informado favorablemente no Pleno da Comisión Galega de Protección Civil do día 14 de decembro de 2020.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA 2,15M€ PARA ATRAER OS 250 MELLORES EXPEDIENTES UNIVERSITARIOS DO EXTERIOR NA SEXTA CONVOCATORIA DAS BOLSAS BEME MÁSTER

- O Goberno galego aumenta, por segundo ano consecutivo, en 50 as bolsas excelencia mocidade exterior para o curso 2022/23 de cara a atraer os galegos do exterior de alta cualificación, incentivando así que fixen a súa residencia e a súa actividade laboral na comunidade autónoma
- As bolsas sufragan viaxe, matrícula, aloxamento e manutención, cunhas contías que oscilan entre os 7.000 e os 11.574 euros dependendo do continente do beneficiario
- Con esta nova convocatoria o Goberno galego terá ofrecido entre 2017 e 2022 un total de 1.150 oportunidades de retorno

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria, promovida pola Secretaría Xeral da Emigración, das bolsas excelencia mocidade exterior (BEME Máster), cuxa sexta edición supón un novo incremento, tanto no número de prazas dispoñibles como na dotación económica asignada. Deste xeito, o Goberno galego destina 2,15 millóns de euros impulsando a captación dun total de 250 titulados universitarios galegos e de currículo brillante, residentes no estranxeiro e cunha titulación de grao, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, que poderán cursar estudos de mestrado nalgunha das tres universidades galegas.

A Xunta impulsa así o retorno de currículos brillantes, ao tempo que contribúe á fixación de poboación na Galicia territorial, pasando das 200 bolsas do pasado curso ás 250 para o 2022/23, aumentando en 50 as bolsas por segundo ano consecutivo.

Con este obxectivo, a Administración autonómica pretende axudar no regreso de máis mozas e mozos a Galicia polas dificultades que poidan existir no exterior a consecuencia da Covid-19.

O obxectivo das BEME é non só atraer cada ano galegos que viven fóra e que completen aquí a súa formación especializada senón que traballen en Galicia e que fixen tamén no territorio galego definitivamente a súa residencia.

Neste sentido, todos os beneficiarios destas axudas contarán, un ano máis, cunha orientación laboral coa que se pretende non só captar para Galicia o talento máis brillante de entre os mozas residentes fóra, fomentando o retorno da poboación activa laboral, senón tamén facilitarlles o seu establecemento definitivo na comunidade. A oferta céntrase en estudos con capacidade de absorción no tecido produtivo e laboral galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Requisitos para ser beneficiario e contía da bolsa

Os beneficiarios da iniciativa deben ser galegos por nacemento ou descendentes por consanguinidade, acreditar un mínimo de dous anos de residencia no exterior e estar admitido na preinscrición dalgún dos mestrados das universidades galegas.

A bolsa, cuxo importe é de 7.000 ou 7.650 euros (segundo a persoa beneficiaria proceda de Europa ou do resto do mundo) por curso completo de 60 créditos ECTS, destínase a cubrir os gastos de matrícula, viaxe, aloxamento e manutención na Galicia territorial. Aqueles que se matriculen nun curso de maior duración (90 créditos) disporán dun orzamento total de entre 10.500 ata 11.475 euros (en función do continente de procedencia do alumno).

Á convocatoria do ano pasado presentáronse case 500 solicitudes procedentes de preto de 30 países distintos.

1.150 oportunidades de retorno

O obxectivo do Goberno galego é que a publicación desta orde se realice coa maior brevidade posible no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) para que o prazo de solicitudes, que se pechará o 30 de abril, se poida abrir canto antes.

Con esta nova convocatoria o Goberno galego terá ofrecido entre 2017 e 2022, incluíndo as equivalentes de FP, a posibilidade de retornar a un total de 1.150 mozos galegos do exterior no ámbito universitario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O NOVO CONTRATO CENTRALIZADO DE LIMPEZA DOS EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS QUE INCORPORA 9 CENTROS

- O contrato conta cun orzamento de 12,5 millóns de euros anuais, cunha duración de 24 meses, e está previsto que entre en vigor o 1 de outubro de 2022, podendo ser prorrogable outros 24 meses máis
- Neste contrato profundízase na incorporación de cláusulas de carácter social, incorporándose os incrementos retributivos aplicables segundo a normativa laboral

O Consello da Xunta aprobou hoxe o novo servizo de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia por unha duración de 24 meses, estando previsto que entre en vigor o 1 de outubro de 2022, podendo ser prorrogable outros 24 meses máis. Nesta nova licitación o importe estimado para cada anualidade ascende a 12.4M euros.

A nova licitación divide en 3 lotes, ao igual que a contratación actual, estando no lote 1, os edificios administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia; no lote 2 os edificios integrados na Axencia Turismo de Galicia; e no lote 3 o servizo de limpeza dos edificios na Estrada (Pontevedra), o edificio da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) e o edificio do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (112)

Á hora de determinar a división en lotes, como na contratación anterior, mantense a distribución, procurando agrupar os centros que teñan unhas características comúns e que posibiliten unha execución máis coordinada do obxecto do contrato.

Cabe destacar que neste contrato se profundiza na incorporación de cláusulas de carácter social, relativas ao emprego das persoas traballadoras asignadas á realización do servizo.

Así, fíxanse condicións especiais de execución que esixen o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade e saúde no traballo e de integración laboral, en particular, a obriga de adoptar as medidas de seguridade e hixiene que sexan preceptivas ou necesarias para prever de xeito rigoroso os riscos que poidan afectar a vida, integridade e saúde dos traballadores e a garantía do

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cumprimento estrito das condicións laborais establecidas nos convenios colectivos que lles resulten de aplicación.

Pola súa banda, neste novo contrato incrementanse as superficies obxecto de limpeza respecto da licitación anterior, manténdose as medidas de reforzo implantadas. Ademais de establecerse a limpeza de todos os centros que se foron incorporando prodúcese un novo aumento de dependencias ao adherirse 9 centros nesta contratación centralizada, acadando os 371.549 m2 obxecto de limpeza. Tamén se incrementan as retribucións do persoal asignado á prestación do servizo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MANTÉN A SÚA APOSTA POLA COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA COA NOVA CONVOCATORIA POR 12M€ COA QUE SE PREVÉ APOIAR 10 UNIDADES MIXTAS DE INVESTIGACIÓN

- O Goberno galego reforza este instrumento e, como novidade, ofrece unha nova liña para impulsar centros mixtos de investigación entre empresas e centros de coñecemento
- Agárdase mobilizar 30M€, e crear ou manter ao redor de 95 postos de traballo
- Desde o ano 2014, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain) apoiou a posta en marcha de 46 unidades mixtas que mobilizan en Galicia 130 millóns de euros

A Xunta de Galicia manterá a súa aposta polas unidades mixtas de investigación cunha nova convocatoria á que destina 12M€. Desde xeito dá continuidade a este instrumento colaborativo que ten como obxectivo favorecer a cooperación entre os organismos de coñecemento galegos e o tecido empresarial para impulsar de xeito conxunto e coordinado actividades investigadoras, de innovación e desenvolvemento aliñadas cos retos estratéxicos da RIS3 de Galicia.

Con esta nova convocatoria agárdase apoiar ao redor de 10 unidades, crear ou manter 95 postos de traballo, así como mobilizar un investimento público-privado de 30M€. Nesta nova edición, Gain aumenta a intensidade máxima da axuda do 30 ao 40% e o importe máximo dos 1,5 aos 3 millóns de euros. A convocatoria realízase por anticipado de gasto co obxectivo de publicala no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) no mes de xaneiro.

A principal novidade é que ás dúas liñas existentes -unidades mixtas de nova creación e de consolidación- se suma unha terceira: centros mixtos de investigación, que ten como obxectivo dar estabilidade ás unidades consolidadas nas convocatorias dos anos 2017 e 2018. Deste xeito, contribuirán ao aumento da competitividade e expansión internacional das empresas participantes á vez que se xera coñecemento científico-técnico de excelencia e se mantén o emprego cualificado creado.

Nesta nova liña, deberase manter a composición das unidades mixtas da fase de consolidación -aínda que as constituídas inicialmente por un organismo e unha empresa poderán incorporar unha segunda compañía do mesmo grupo sempre que exista unha complementariedade xustificada-. Ademais, o centro de traballo ten que estar en Galicia. O orzamento mínimo do proxecto deberá ser de 3,5M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

46 unidades mixtas apoiadas

Desde a posta en marcha deste programa, en 2014, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación, apoiou con 39 millóns de euros un total de 46 unidades mixtas que mobilizaron 130M€. Ademais, estas iniciativas contribuíron á creación de emprego cualificado -695 postos novos ou mantidos-, a impulsar a transferencia de I+D+i ao tecido empresarial galego, a atraer empresas foráneas a Galicia, ao desenvolvemento das capacidades dos organismos de investigación galegos en sectores punteiros e a mellorar a competitividade das empresas.

De feito, o programa está permitindo a chegada de firmas foráneas, xa que o 39% das unidades mixtas están constituídas por compañías con domicilio social de fóra da Comunidade; e ao mesmo tempo está permitindo impulsar a participación de pemes galegas. Ata o de agora participaron 33 empresas -28 multinacionais- e 13 centros de coñecemento que cos seus proxectos están posibilitando que se avance en sectores estratéxicos para Galicia.

Así, apoiáronse 15 unidades na industria da automoción, seis do naval, cinco na alimentación e catro na enerxía, ademais doutras na saúde, o sector farmacéutico, o aeronáutico, ou as TIC, por exemplo. Entre as que están actualmente activas, destacan tres unidades da automoción: a do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) con Borgwarner para desenvolver novos sistemas de xestión térmica para a electrificación do transporte; a do CTAG co Grupo Antolín para o deseño de tecnoloxías de monitorización intelixente no interior do vehículo; ou a de Aimen con GKN Driveline para a fabricación avanzada de compoñentes de transmisión.

Tamén destaca a consolidación da unidade de Anfaco-Cecopesca e Emenasa para a aplicación de tecnoloxía hiperespectral na fabricación de conservas ou a de Gradient e Telefónica para desenvolver tecnoloxías de seguridade para protexer o negocio de empresas e clientes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA COA ASOCIACIÓN DE XOVES EMPRESARIOS DE OURENSE E CON TECNÓPOLE PARA A POSTA EN MARCHA DUN POLÍGONO VIRTUAL

- O proxecto xorde para dar resposta á necesidade do sector empresarial galego, especialmente de pemes e autónomos, de adaptarse e construír empresas dixitalmente competitivas
- A iniciativa, que estará localizada no Parque Tecnolóxico de Galicia, en San Cibrao das Viñas, conta cun orzamento de máis de 175.000 euros para achegar servizos a máis de 300 autónomos e pequenas empresas

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación –a través do Igape–, a Asociación de Xoves Empresarios de Ourense (AJE Ourense) e o Parque Tecnolóxico de Galicia – Tecnópole, para a posta en marcha dun polígono virtual que ofrecerá a pemes e autónomos galegos distintos servizos dixitais para a xestión e a relación con clientes e provedores, así como servizos en liña de asesoramento profesional no ámbito legal e administrativo.

O acordo, que conta cun orzamento de 175.220 euros, dos que o Igape achega 115.100 euros (66%), permitirá ofertar servizos de alto valor engadido no eido da dixitalización a un máximo de 300 beneficiarios, na procura de dar resposta á necesidade do sector empresarial galego de adaptarse e construír empresas dixitalmente competitivas.

Neste sentido, cómpre destacar que a dixitalización pode aumentar ata un 20% a competitividade de autónomos e pemes, e que a aparición da Covid-19 puxo de manifesto a necesidade de dixitalización das empresas, un eido no que a Xunta está a facilitarlle ao tecido empresarial recursos e coñecementos para a implantación de servizos dixitais.

Así, o novo polígono virtual, que estará localizado en Tecnópole (San Cibrao das Viñas), ofrecerá ás empresas distintos produtos de dixitalización como a creación dunha plataforma dixital, un servizo de *hosting* e dominio adaptados a cada un dos usuarios desta iniciativa en función das súas necesidades, ou a creación dun espazo de traballo para profesionais no que dispoñan dun conxunto de solucións *cloud*.

A esta oferta engádense os servizos de asesoramento e a posta en marcha doutras actuacións complementarias como o deseño e produción de elementos gráficos para a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

execución de campañas comunicativas, o rexistro da marca ou a elaboración de estratexias de comunicación en distintos canais.

Deste xeito, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, segue a consolidar a súa aposta pola dixitalización do tecido empresarial galego como un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica do Goberno galego de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico.

Entre as liñas máis destacadas en materia de dixitalización están o programa de axudas á dixitalización Industria 4.0, o Cheque Dixital ou o programa Galicia Exporta Dixital. Iniciativas que teñen permitido apoiar, de modo conxunto, preto de 9000 proxectos cun importe de máis de 37 millóns de euros ata o de agora.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSTRUIRÁ UN NOVO EDIFICIO ADMINISTRATIVO EN OURENSE

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a adquisición de catro parcelas no concello de Ourense por importe de 8,47 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a adquisición por parte da Consellería de Facenda e Administración Pública, de catro parcelas en Ourense por importe de 8,47 millóns de euros (IVE engadido) para a construción dun novo edificio administrativo que unifique as distintas sedes administrativas que ten a Xunta no Concello de Ourense.

Estas catro parcelas están situadas nun solar de grandes dimensións situado preto do centro de Ourense, na zona do Campus Universitario das Lagoas e que actualmente se atopa en desenvolvemento urbanístico.

A adquisición destes terreos e a posterior construción do novo edificio administrativo permitirá liberar os inmobles que actualmente ocupan as distintas dependencias administrativas e aforrar en alugueiros.

Esta actuación enmárcase na liña patrimonial do Goberno galego de traballar na concentración de espazos administrativos que beneficiará o conxunto dos cidadáns na súa relación diaria coa Xunta de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA EN RIBADEO A QUINTA ÁREA REXURBE DE GALICIA CO OBXECTIVO DE DINAMIZAR O CONXUNTO HISTÓRICO E A SÚA CONTORNA

- O ámbito abrangue unha superficie de 407.000 m², onde están localizados 1.059 edificios e 1.390 vivendas
- Será o segundo concello da Mariña luguesa, xunto con Mondoñedo, con esta figura, que tamén existe na Coruña, Ribadavia e Tui

A Xunta de Galicia declarou hoxe en Ribadeo a quinta área de rexeneración urbana de interese autonómico de Galicia, coñecida como Área Rexurbe, co obxectivo de dinamizar o seu conxunto histórico e a súa contorna.

A proposta aprobada abrangue un ámbito de 407.000 m², onde se identificaron 1.059 edificios e 1.390 vivendas, e é coincidente co ámbito do Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto histórico recentemente aprobado polo Concello.

A Área Rexurbe é unha figura creada ao abeiro da Lei de rehabilitación de Galicia na que, ademais da recuperación edificatoria e urbanística, tamén se inclúen medidas de dinamización social, demográfica e económica, polo que a súa aplicación é transversal e implica distintos departamentos administrativos.

As medidas que se van adoptar deberán estar recollidas no plan de dinamización, que redactará o Concello, onde tamén se indicará o custo estimado das actuacións e as fontes de financiamento para levalas a cabo.

Non obstante, na proposta pola que se declara a Área Rexurbe xa se indican unha serie de obxectivos, como a recuperación e potenciación das zonas verdes na rúa Virxe do Camiño e ao carón da Capela co mesmo nome, inmovible que podería servir como sala de exposicións ou centro cultural; ou reparar as deficiencias no castelo de San Damián, elemento declarado ben de interese cultural.

Outro dos obxectivos é abrir o centro histórico ao porto, mediante a rexeneración dos espazos verdes, e adecualo aos distintos sectores de idade de poboación e, sobre todo, para conectalo co mercado local e de servizos.

Cabe sinalar que para a redacción do plan de dinamización, o Concello conta cun modelo elaborado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, segundo o establecido na Lei de rehabilitación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Quinta Área Rexurbe

A Área Rexurbe de que se declara hoxe é a quinta da Comunidade, xa que se suma á lista aberta por Mondoñedo –declarada en febreiro de 2020 e a única que conta con plan de dinamización e Centro Rexurbe operativo–; A Coruña, que en maio de 2020 se converteu na primeira cidade en contar con esta figura; e Ribadavia, a primeira da provincia de Ourense en xullo de 2020. A cuarta foi a de Tui, en xullo de 2021, converténdose no primeiro concello de Pontevedra en declarar un ámbito deste tipo. Así mesmo, a de Ribadeo convértese na segunda que se declara na comarca da Mariña lucense.

Cómpre sinalar que Ribadeo tamén conta con dúas áreas de rehabilitación integral declaradas: o conxunto histórico da Vila de Ribadeo e o núcleo de Rinlo. De feito, entre o convenio en execución e a repartición de 2021, ao concello xa lle foron asignados máis de 650.000 euros.

Ademais, é tamén un dos municipios que se pode acoller aos recursos incluídos na ARI supramunicipal dos Camiños de Santiago, xestionada directamente pola Xunta. Precisamente, en 2021 tres solicitantes recibiron axudas por un importe global de preto de 15.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PORTO DO SON PARA A MELLORA DO SANEAMENTO DE QUEIRUGA CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 1,8 M€

- Executarase unha nova estación depuradora de augas residuais no lugar da Ponte, o que suporá un importante avance no saneamento dos principais núcleos de poboación costeiros da zona sur do municipio
- A Xunta comprométese a financiar todas as actuacións e a contratar e executar as obras, e o Concello deberá pór á disposición os terreos necesarios, tramitar as autorizacións e asumir posteriormente as actuacións realizadas
- Augas de Galicia procederá á licitación unha vez dispoña da documentación municipal preceptiva, co obxectivo de iniciar os traballos no segundo semestre de 2022, cun prazo de execución de 12 meses
- As intervencións darán servizo a unha poboación total futura de 1.537 habitantes
- O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades municipais dun xeito eficiente

A Xunta de Galicia colaborará co Concello de Porto do Son para executar as actuacións necesarias para a mellora do sistema de saneamento municipal da parroquia de Queiruga, cun investimento autonómico que rolda os 1,8 millóns de euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnico-financeira entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e o Concello para executar unha nova estación depuradora de augas residuais no lugar da Ponte.

Segundo establece a colaboración autorizada hoxe polo Goberno galego, a administración hidráulica da Xunta asume integramente o financiamento da nova instalación, que suporá un grande avance para a rede de saneamento dos principais núcleos costeiros de poboación da zona sur de Porto do Son.

Augas de Galicia levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, o Concello de Porto do Son asume a posta á disposición e xestión dos terreos necesarios. Tamén asume a obriga de conseguir as autorizacións necesarias para a execución dos traballos, de recibir as obras, así como o seu mantemento e conservación, empregando as instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha vez que se dispoña da documentación municipal preceptiva, Augas de Galicia procederá á licitación das obras. O obxectivo é iniciar a execución dos traballos, que teñen un prazo de execución de 12 meses, no segundo semestre de 2022.

As obras estarán cofinanciadas pola Unión Europea no marco do eixo REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014/2020.

O detalle da actuación proxectada

A parroquia de Queiruga dispón de rede de saneamento de augas residuais, pero funciona de xeito deficiente, producíndose verteduras de auga sen tratar ao medio receptor.

As actuacións deseñadas por Augas de Galicia pretenden mellorar o sistema de saneamento existente mediante a construción dunha nova depuradora no lugar da Ponte para 1.537 habitantes equivalentes para o ano horizonte 2043. Ademais, proxéctase unha nova rede de máis de 3 km de colectores xerais e 4 estacións de bombeo coas súas correspondentes impulsións para a condución das augas ata a nova depuradora. Tamén se inclúe a execución de dous colectores de augas pluviais.

Máis en detalle, a nova planta de tratamento de augas residuais disporá de sistema de depuración por biodiscos. Contará con pretratamento, tratamento primario e tratamento biolóxico. Tamén disporá de eliminación de fósforo mediante cloruro férrico, decantación secundaria e sistema de desinfección por luz ultravioleta.

Ademais, executarase a nova rede de colectores xerais, formada por preto de 3,5 km de tubaxes, catro estacións de bombeo localizadas nas praias de Tarrío, Seiras 1 e Seiras 2, e na Ponte; e catro impulsión de 208 metros, 1.117, 581 e 109 metros de lonxitude, respectivamente.

O Goberno galego continúa achegando o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento, abastecemento e depuración, que son de competencia local.

Plano da rede da nova colectores proxectada:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




Plano da nova depuradora no lugar da Ponte:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO PARA EXECUTAR AS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA REDUCIR O NIVEL DE ARSÉNICO DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DE AUGA

- A Xunta destinará 400.000 euros a financiar as obras precisas para abastecer a poboación con garantías sanitarias e a redacción do proxecto da solución definitiva para este problema
- O Concello de Castrelo de Miño realizou o pasado 17 de decembro unha declaración de emerxencia para afrontar as incidencias do abastecemento en colaboración con Augas de Galicia
- Na potabilizadora de Coto Novelle mellorárase a dosificación de reactivos, substituírase a área do filtro por outra de alta capacidade e instalaranse analizadores de cloro e turbidez en continuo
- No depósito de Traveso executarase un filtro para a eliminación de arsénico, con analizadores de cloro e turbidez en tempo real
- O Goberno galego tamén vén de adxudicar as obras de mellora da rede de abastecemento en varios núcleos do municipio

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Castrelo de Miño para desenvolver as actuacións necesarias para reducir os niveis de arsénico do sistema de abastecemento municipal de auga, que suporán un investimento de 400.000 euros.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, financiará a asistencia técnica ao Concello para definir as actuacións de emerxencia necesarias para a eliminación do arsénico con carácter urgente, as obras para abastecer con garantía sanitaria a poboación e a redacción do proxecto da solución definitiva a este problema.

O obxectivo é realizar as actuacións necesarias para minimizar os niveis de arsénico detectados na auga que abastece a poboación do municipio ourensán de Castrelo de Miño.

O pasado 17 de decembro o Concello realizou unha declaración de emerxencia para afrontar a situación, tras detectarse elevados valores de arsénico no sistema de abastecemento de auga. Para acadar valores aptos para garantir a calidade da auga do abastecemento, cómpre desenvolver unha serie de actuacións para as que a entidade local conta co apoio técnico e financeiro da Xunta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No marco deste convenio, proxéctanse, en primeiro lugar, actuacións de emerxencia para abastecer con garantía sanitaria a execución dunha solución definitiva, asumindo a Xunta o custo, tanto da asistencia técnica para a súa definición, como da súa execución.

Para atallar de forma inmediata esta problemática, na potabilizadora de Coto Novelle, mellorárase a dosificación de reactivos e levarase a cabo a substitución da area do filtro pechado actual por outra de alta capacidade, mediante un sistema automatizado. Ademais, instalaranse analizadores de cloro e de turbidez en continuo. Ademais, no depósito de Traveso, executarase un filtro para a eliminación de arsénico, con analizadores de cloro e turbidez en tempo real.

Xunto con isto, o convenio autorizado hoxe polo Consello recolle a redacción do proxecto da solución que permita acabar de forma definitiva co problema da presenza de altos niveis de arsénico na auga do abastecemento. Ese proxecto elaborárase tomando como base o resultado do estudo de alternativas xa desenvolvido por Augas de Galicia.

Esta nova colaboración da Xunta con Castrelo de Miño súmase a outra actuación paralela para executar melloras na rede de abastecemento en varios núcleos do municipio por un importe de 40.000 €, cuxas obras veñen de ser adxudicadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO MUNICIPAL CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 10 M€

- O obxectivo é solucionar as graves deficiencias da rede municipal de sumidoiros, desbordada na súa capacidade e con problemas de infiltracións, que ademais de verteduras, reducen a garantía sanitaria para a poboación e alteran o tráfico na vila
- Renovarase a rede na marxe esquerda do río Con, na avenida Rodrigo de Mendoza, executarase un novo treito de colector na avenida de Mendoza e construíranse dous tanques de tormentas, un xunto a Fexdega e outro fronte á praza de abastos
- A Xunta asume o financiamento das accións e a contratación e execución das obras, e o Concello deberá pór á disposición os terreos necesarios, tramitar as autorizacións para as obras e asumir posteriormente as actuacións realizadas
- Augas de Galicia licitará en vindeiras datas as obras, proxectadas no marco do Plan de saneamento local da ría de Arousa e cun prazo de 24 meses
- Estas actuacións complementarase coas obras de ampliación da depuradora municipal sumando un investimento total de máis e 33,5 millóns de euros
- A Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga en tramitación permitirá que o Concello de Vilagarcía tamén lle encomende á Xunta a xestión das novas infraestruturas sen que isto supoña un incremento das actuais tarifas que o municipio recada entre veciños

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración co Concello de Vilagarcía de Arousa para a execución das obras de mellora do sistema de saneamento municipal, que suporá un investimento autonómico de 9,88 millóns de euros.

O obxectivo é solucionar as graves deficiencias da rede municipal de sumidoiros, desbordada na súa capacidade e con problemas de infiltracións, que ademais de verteduras, reducen a garantía sanitaria para a poboación e alteran o tráfico na vila.

Para iso, renovarase a rede na marxe esquerda do río Con, na avenida Rodrigo de Mendoza, executarase un novo treito de colector na avenida de Mendoza e construíranse dous tanques de tormentas, un xunto a Fexdega e outro fronte á praza de abastos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mediante este acordo, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, asume integramente o financiamento, a contratación e a execución das obras. Estas actuacións son cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O Concello de Vilagarcía de Arousa, pola súa banda, como beneficiario desta colaboración do Goberno galego nas súas competencias de saneamento e depuración, debe aprobar o proxecto en Pleno municipal, poñer os terreos á disposición e asumir o compromiso de recepción e explotación das actuacións.

Augas de Galicia prevé licitar nas vindeiras datas as obras, que teñen un prazo de execución de 24 meses.

Obxecto das actuacións

As obras proxectadas, de acordo co Plan de saneamento local redactado pola entidade hidráulica da Xunta, céntranse na resolución dos problemas que presenta o sistema de saneamento municipal: exceso de sólidos na rede, a ineficiencia dos colectores e o exceso de auga.

Estas carencias provocan inundacións na rede de saneamento con precipitacións de intensidade moderada, verteduras ao medio e a diminución da debida garantía de calidade. Adicionalmente, a infiltración de auga de mar na rede afecta o funcionamento das unidades de elevación e os procesos de tratamento de estación depuradora de augas residuais.

A través da colaboración autorizada hoxe pola Xunta para dar solución a esta problemática executarase a renovación da rede na avenida de Rodrigo de Mendoza, na marxe esquerda do río Con; e instalaranse dous novos tanques de tormentas. Estes tanques situaranse, un no aparcamento público Fexdega, para a súa conexión cos novos colectores; e o segundo, augas abaixo, tamén na marxe esquerdo do río Con, ao final da rúa García Camaño, fronte á praza de abastos da vila.

Na intervención proxectada por Augas de Galicia inclúese tamén a conexión de ambos os tanques de tormentas coa rede existente e a execución dun novo tramo de colector na avenida Cambados.

A execución destas obras, xunto coas tamén proxectadas para a ampliación da estación depuradora de augas residuais, na que a Xunta investirá máis de 23 M€, permitirá

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

resolver en gran medida a problemática no sistema de saneamento municipal de Vilagarcía de Arousa, coa redución das verteduras ao medio en volume e días de alivio. Tamén mellorará substancialmente a calidade ambiental do medio receptor.

Estas intervencións contribúen, ademais, a avanzar cara ao saneamento integral da ría de Arousa, preservando o medio natural, o turismo, a pesca e o marisqueo.

A Xunta mantén o seu apoio o Concello de Vilagarcía de Arousa no desenvolvemento das súas competencias, así como o compromiso de investir máis de 33,5 M€ de euros nestas obras de mellora do sistema de saneamento municipal e nas previstas de ampliación da depuradora.

A Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga en tramitación permitirá que o Concello de Vilagarcía tamén lle encomende á Xunta a xestión das novas infraestruturas sen que isto supoña un incremento das actuais tarifas que o municipio recada entre veciños.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE CASE 10,2 M€ PARA A XESTIÓN DA DEPURADORA DOS PRACERES, EN PONTEVEDRA

- O Goberno galego garante así o funcionamento das instalacións durante os dous vindeiros anos, prevendo este novo contrato a posibilidade de prórroga por un máximo de 36 meses
- Coa autorización de hoxe, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade dá continuidade o servizo que garante a depuración das augas residuais dos concellos de Marín, Poio e Pontevedra, dando cumprimento aos límites de vertedura
- Tendo en conta os elevados custos enerxéticos do sistema de depuración, o novo contrato de explotación exclúe a xestión enerxética, que asumirá a Xunta a través dun mecanismo centralizado, co obxectivo de minorar o impacto da factura eléctrica
- A construción da depuradora dos Praceres está declarada de interese xeral da Comunidade Autónoma, sendo Pontevedra a única gran cidade na que o Concello non xestiona a depuradora municipal
- A Xunta ten desde este outono funcionando en fase de probas as obras de mellora da depuradora dos Praceres, nas que inviste 16,5 M€ e que se complementan co novo emisario submarino, en execución cun investimento de 12 M€
- A mellora da depuradora e a construción do novo emisario submarino forman parte do Plan de saneamento local elaborado pola Xunta e dialogado cos concellos e cos mariscadores da ría, no que se prevé un investimento global de 47 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento de case 10,2 millóns de euros para a xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais dos Praceres, en Pontevedra

Con este acordo, o executivo autonómico autoriza a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, á continuidade do servizo que garante o funcionamento da depuradora dos Praceres e as súas instalacións asociadas durante os dous vindeiros anos, prevendo este novo contrato a posibilidade de prórroga por un máximo de 36 meses.

Antecedentes

O Concello de Pontevedra transferiulle a Augas de Galicia no ano 2007 o servizo de mantemento da depuradora dos Praceres, que recibe e trata as augas residuais dos concellos de Pontevedra, Marín e Poio. Naquel momento, as instalacións limitábanse a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ofrecer un tratamento físico-químico e posteriormente foron ampliadas para completar a depuración con tratamento secundario e desodorización, entre outras melloras.

Desde o pasado outono están funcionando en fase de probas os novos sistemas de tratamento no marco do contrato das obras de mellora executadas pola Xunta. Tras un investimento autonómico de 16,5 millóns de euros, a reforma tecnolóxica executada permitirá mellorar a curto prazo a depuración das augas residuais dos concellos de Marín, Poio e Pontevedra, e dar cumprimento os límites de vertedura marcados pola directiva europea.

O contrato

Deste xeito, mediante o contrato autorizado hoxe polo Goberno galego, as prestacións que se executarán son as correspondentes ás actuais instalacións dos Praceres.

Na planta de tratamento de augas residuais dos Praceres o proceso depurador está constituído por un desbaste de grosos e finos, desareado-desengraxado, tratamento físico-químico primario con decantación lamelar, tratamento biolóxico con tecnoloxía MBBR, decantación lastrada, desinfección UV e bombeo de emisario.

O tratamento de lamas dispón de dúas liñas: a liña de lamas primarias formada por espesador estático, dixestor anaerobio e silo de lamas, e a liña de lamas secundarias formada por tambores espesadores e deshidratación mediante centrífugas.

O prazo de execución do contrato será de 24 meses, prevéndose neste a posibilidade de prórroga por un prazo máximo de 3 anos máis.

Tendo en conta os elevados custos enerxéticos do sistema de depuración, o novo contrato de explotación exclúe a xestión enerxética, que asumirá a Xunta a través dun mecanismo centralizado, co obxectivo de minorar o impacto da factura eléctrica.

Cómpre lembrar que a construción da depuradora dos Praceres está declarada de interese xeral da Comunidade Autónoma, sendo Pontevedra a única gran cidade na que o Concello non xestiona a depuradora municipal.

Na actualidade o organismo hidráulico da Xunta encárgase de prestar estes servizos de depuración en 29 estacións depuradoras de augas residuais.

Plan de saneamento local de Pontevedra

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A cooperación da Xunta coa comarca de Pontevedra permite a mellora da calidade de vida das poboacións asentadas arredor da ría, o aumento da competitividade económica e o fomento do turismo, así como a mellora da produtividade no sector marisqueiro.

Neste eido, a Xunta está a executar o novo emisario submarino dos Praceres, que permitirá unha mellor devolución das augas limpas á ría, dando cumprimento aos compromisos adquiridos coa UE. Estas obras supoñen un investimento autonómico de 12 millóns de euros.

Tanto a mellora da depuradora como a construción do novo emisario submarino forman parte do Plan de saneamento local elaborado pola Xunta tras unha exhaustiva análise do actual sistema que foi dialogado cos concellos e cos mariscadores da ría e que prevé un investimento total da Administración autonómica de preto de 47 millóns de euros.

As actuacións de saneamento da ría de Pontevedra están financiadas con fondos europeos do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE CASE 5,3 M€ NAS OBRAS DE MELLORA DA DEPURADORA DE TRAGOVE, EN CAMBADOS

- O Goberno galego prevé licitar o vindeiro xaneiro as obras da planta que trata as augas residuais dos municipios de Cambados e de Vilanova de Arousa e que xestiona Augas de Galicia
- As actuacións, cun prazo de execución de 15 meses, suporán adecuar o tratamento secundario e terciario, entre outras actuacións de mellora
- O obxectivo da intervención é reducir o caudal de augas brancas e laminar o caudal de entrada nas actuais instalacións municipais de Tragove
- Estas actuacións súmanse ás que a Xunta desenvolverá nas redes municipais de saneamento de Vilanova de Arousa e de Cambados cun investimento de 6,25 M€
- O Goberno galego segue apoiando os concellos no desenvolvemento das súas competencias de saneamento e abastecemento, reforzando as garantías relativas á saúde pública, ao medio natural, á pesca, ao marisqueo ou ao turismo

O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento de preto de 5,3 millóns de euros nas obras de mellora da depuradora de Tragove, en Cambados.

O Goberno galego prevé licitar o vindeiro mes de xaneiro de 2022 as obras de mellora da planta que trata as augas residuais dos concellos de Cambados e de Vilanova de Arousa. Os traballos contan cun prazo de execución de 15 meses.

Trátase de impulsar as obras de adecuación do tratamento secundario e terciario e outras actuacións de mellora na planta de tratamento, xestionada por Augas de Galicia. O pasado día 23 de novembro a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade selou con estes dous concellos o acordo polo que Augas de Galicia continúa a asumir a xestión, explotación, conservación e mantemento da estación depuradora de Tragove.

Deste xeito, a entidade hidráulica da Xunta vén prestando o servizo de depuración desde o mesmo remate da execución destas instalacións municipais no ano 2005, por un período inicial de 15 anos. O citado contrato, logo de prorrogarse, finalizará en agosto de 2022 e co novo convenio Augas de Galicia prevé a súa prórroga ata a recepción das obras cuxa licitación autorizou hoxe o goberno Galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As actuacións proxectadas teñen por obxecto reducir o caudal de augas brancas e laminar o caudal de entrada nas instalacións de Tragove. As obras contan co cofinanciamento da UE no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Para iso, e no ámbito do proxecto redactado por Augas de Galicia, procederase á ampliación da capacidade da decantación secundaria e ao incremento dos caudais de recirculación, purga e deshidratación de fangos, ademais doutras actuacións relacionadas coa obsolescencia de equipamentos, instalacións e sistemas da actual planta de tratamento de augas residuais.

Esta intervención sumarase así ás obras que se van realizar na redes de saneamento municipal de Cambados e de Vilanova de Arousa, recollidas no convenio asinado, tamén, o pasado mes de novembro cun investimento da Xunta de máis de 6,25 millóns de euros.

O obxecto das obras que se van contratar

As obras obxecto da contratación autorizada hoxe polo executivo autonómico inclúen as solucións propostas no proxecto deseñado por Augas de Galicia e inclúen o desmantelamento de equipamentos, demolicións, nova obra de entrada á depuradora e canles de tamizado, actuacións no desareador, desnatador e clasificador de areas, novo edificio de entrada, reparacións, saneamentos e mellora dos reactores biolóxicos.

Tamén se prevé un novo edificio de entrada, arquetas e novos decantadores, bombeos de fangos e novo edificio de deshidratación, novo edificio de control e almacén, novo edificio de soplantes, ademais doutras actuacións.

No proxecto inclúese un documento ambiental e unha proposta de integración paisaxística e arquitectónica.

O Goberno galego mantén a prestación de apoio técnico e económico aos concellos para que poidan desenvolver de xeito eficiente as súas competencias de saneamento e abastecemento, reforzando as garantías relativas á saúde pública, ao medio natural, á pesca, ao marisqueo ou ao turismo

Imaxe da configuración da depuradora existente e da configuración proxectada:



Configuración de EDAR existente

Configuración da modificación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACOMETE A REFORMA INTEGRAL DAS OFICINAS DE EMPREGO DE GALICIA PARA DAR UHA RESPONSA MÁIS ÁXIL AOS CIDADÁNS E MELLORAR OS ÍNDICES DE COLOCACIÓN

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por valor de 5,7 millóns de euros, do deseño e desenvolvemento dun novo sistema de información, baseado na intelixencia artificial, que permitirá axustar a oferta e a demanda laboral
- A medida enmárcase no Plan de modernización de todo o sistema público de emprego que está acometer a Xunta de Galicia, que se completa coa posta en marcha da Axenda Galega de Capacidades para o Emprego, xa iniciada, e a mellora das infraestruturas físicas e a formación do persoal técnico traballador
- A nova ferramenta de xestión aprobada hoxe disporá dun sistema de información baseado na analítica avanzada que permitirá coñecer mellor o mercado laboral e o perfil das persoas demandantes de emprego.
- Suporá, ademais, unha aposta decidida pola dixitalización e permitirá realizar o proceso de busca de emprego de xeito virtual, a través de ordenadores ou dispositivos móbiles, reducindo a presencialidade
- O obxectivo é dar resposta á transformación do mercado de traballo impulsando o papel de intermediación laboral que presta o servizo público de emprego
- Galicia é a primeira comunidade autónoma en acometer un proceso de modernización integral de todos os recursos que conforman o sistema público de emprego

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por valor de 5,7 millóns de euros, a licitación para deseñar, elaborar e desenvolver un novo sistema de información e de apoio con aplicación de intelixencia artificial para o servizo público de emprego de Galicia que servirá, entre outros obxectivos, para axustar a oferta e a demanda do mercado de traballo. Trátase dunha ferramenta de analítica avanzada que permitirá mellorar os servizos á cidadanía e dispoñer dun novo sistema para apoiar a planificación e o labor dos traballadores que prestan servizos públicos relacionados con eido laboral.

Esta iniciativa enmárcase no Plan de modernización de todo o sistema público de emprego que está acometer a Xunta de Galicia, que se completa coa posta en marcha da Axenda Galega de Capacidades para o Emprego, xa iniciada, e a mellora das infraestruturas físicas das oficinas de emprego, coa renovación e adquisición de novos locais, e a formación do persoal técnico traballador. O importe destinado a estas medidas suma en 2022 un total de 6 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con estas medidas, Galicia convértese na primeira comunidade autónoma en acometer un proceso de modernización integral de todos os recursos que conforman o sistema público de emprego

A transformación que está a experimentar o mercado de traballo require dun sistema con maior capacidade para realizar análises multivariáveis que permitan obter información analítica e prospectiva para poder analizar e coñecer mellor o mercado laboral e o perfil das persoas demandantes de emprego.

Adiantarse ás tendencias do mercado laboral

A utilización da intelixencia artificial permitirá ter a capacidade suficiente para realizar recomendacións axeitadas baseadas nos datos que se obteñan e, polo tanto, poder axustar a oferta e a demanda. Tamén permitirá interpretar en clave de futuro a información obtida, co obxectivo de adiantar tendencias con tempo suficiente como para darlle resposta e estar preparados no momento oportuno.

Suporá, ademais, unha aposta decidida pola dixitalización e permitirá realizar o proceso de busca de emprego de xeito virtual, a través de ordenadores ou dispositivos móbiles, reducindo a presencialidade.

O fin último é impulsar o papel de intermediación laboral das oficinas de emprego favorecendo que o tecido empresarial galego atope a través do Servizo Público de Emprego ás persoas con competencias máis axustadas ás súas necesidades e, deste xeito, acade unha maior eficiencia e produtividade.

Este novo servizo converterase, así, nunha vía para seguir apoiando a recuperación do mercado laboral co obxectivo de consolidar a senda de crecemento do emprego de calidade de xeito eficiente nunha Galicia cada vez máis competitiva.

Esta medida dá resposta ao proceso de transformación do mercado laboral que a Covid-19 acelerou. O investimento forma parte dos fondos React-UE, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia. A actuación do Goberno galego é unha firme aposta por incrementar as oportunidades de traballo dos galegos e galegas para que as persoas demandantes dun emprego poidan avanzar e consolidar nas súas traxectorias profesionais.

A implantación deste sistema de xestión da información relativa á oferta e demanda de emprego permitirá, en definitiva, optimizar os recursos dispoñibles, logrando unha maior eficacia destes, coa mellora do índice de colocación no mercado laboral galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trátase de poñer o foco na realidade de Galicia, atendendo as persoas e as empresas, identificando, da man da intelixencia artificial e da analítica avanzada, as necesidades do mercado laboral en tempo real para axustar a oferta á demanda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ A EMPREGABILIDADE DE MÁIS DE 1.600 PERSOAS CON DISCAPACIDADE OU EN EXCLUSIÓN SOCIAL CON DOUS NOVOS PROGRAMAS NOS QUE INVESTIRÁ 7,6 MILLÓNS

- O Goberno galego destinará 5,5M€ a promover a actividades formativas, de asesoramento e inserción laboral para persoas con discapacidade, e outros 2,1M€ para galegas e galegos desempregados en risco ou en situación de exclusión social
- Cermi-Galicia e EAPN Galicia serán as entidades encargadas de desenvolver as actuacións a través de cadanseus convenios asinados no marco das medidas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con fondos da UE
- Preténdese achegar formación e favorecer a entrada no mercado laboral de 1.310 persoas con discapacidade e doutras 384 en risco ou situación de pobreza
- O plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social da Xunta do que forman parte estes programas mobilizará en 2022 46 millóns de euros para favorecer a inserción no mercado laboral destes traballadores e traballadoras con especial dificultade

A Xunta incentivará nos próximos dous anos, a formación e a inserción laboral dun total de 1.694 persoas desempregadas, pertencentes a colectivos con especial dificultade para o seu acceso ao mercado laboral. Uns 1.310 homes e mulleres con discapacidade e outros 384 en risco ou en exclusión social resultarán potenciais beneficiarios de dous novos programas que o Goberno galego porá en marcha cos fondos que a UE trasladou a España no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Para facelo posible, o Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura de cadanseus convenios entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade en Galicia (Cermi Galicia) e da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia) cun investimento de 5,5 millóns e 2,1 millóns de euros respectivamente ata 2023.

Servizo de intermediación

En concreto, o primeiro dos programas dirixido a persoas con discapacidade pretende incrementar as súas oportunidades laborais e poñer en marcha un servizo de intermediación. Avogará polas actividades formativas e de asesoramento co fin último de que se insiran no mercado de traballo.

As axudas canalizaranse a través de cinco das entidades integradas en Cermi: a Confederación galega de persoas con discapacidade (Cogami), a Federación de asociacións de persoas xordas de Galicia (FAXPG), a Federación de asociacións de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

familiares de persoas con problemas de saúde mental (Feafes Galicia), a Federación galega de asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (Fademga Plena Inclusión Galicia) e a Asociación Inserta Innovación da Once. Trátase de apoiar a través de todas elas á diversidade de colectivos dentro da discapacidade e de atender ás súas necesidades específicas dentro das políticas activas de emprego.

A través destas entidades distribuirase, ademais, unha axuda máxima de 4.200 euros por cada persoa participante no programa. Un total de 3.000 euros aportaranse por cada unha das persoas atendidas, cifra que se elevará noutros 1.200 euros no caso de que se logre a inserción laboral.

Inserción de persoas en risco de exclusión

A segunda das iniciativas, dirixida a favorecer a inserción de persoas en risco ou en situación de exclusión social, pola súa banda, permitirá desenvolver accións de inserción laboral dirixidas a este colectivo a través da rede EAPN Galicia por medio dun programa integrado que recibirá apoio económico da Xunta. Ofrecerase unha intervención integral ás persoas participantes para dotalas de motivación, habilidades, competencias e capacidade, e atopar o seu encaixe coas demandas do mercado laboral.

Grazas ao convenio hoxe autorizado, establécense axudas de 3.800 euros por cada persoa desempregada en risco ou en exclusión social que participe no programa, cantidade á que se engadirán outros 1.120 -ata chegar a un máximo de 4.920 euros- no caso de que se consiga a súa inserción laboral.

Os dous novos programas enmárcanse no plan Emprega Discapacidade Exclusión Social que a Xunta estreará este 2022 e que estará dotado cun total de 46 millóns de euros para favorecer apoios a estes colectivos.

Baixo o seu paraugas, ademais das liñas hoxe aprobadas de nova creación, o Goberno galego seguirá a celebrar o programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual -con alternancia entre emprego e formación-; subvencionará a contratación de persoas en exclusión social por parte das entidades locais; e incrementará os apoios (+3,8%) á creación e mantemento de postos en centros especiais de emprego cun orzamento que acadará os 20,8 millóns de euros, aos que hai que sumar outro millóns en axudas á consolidación de emprego tamén nas empresas de inserción laboral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NO HUB AUDIOVISUAL GALEGO COA APROBACIÓN DE NOVAS AXUDAS POR 1,2M€ PARA QUE AS EMPRESAS DESENVOLVAN ATA CINCO PROXECTOS SIMULTÁNEOS

- Trátase da segunda convocatoria deste programa do Goberno galego, que busca impulsar a recuperación do sector cun investimento sen precedentes de 9,6M€
- O obxectivo é que as produtoras poidan multiplicar as posibilidades de éxito das súas propostas e aumentar a contratación de profesionais e servizos relacionados
- O pasado setembro a Consellería de Cultura lanzou a primeira convocatoria do Hub, cun fondo específico para a atracción de rodaxes dotado con 2M€
- Continúase traballando conxuntamente co sector na posta en marcha da plataforma Galicia Film Commission, un polo de talento, o plan creativo e empresarial para videoxogos e un fondo transversal para a industria

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases da segunda liña de subvencións impulsada ao abeiro do seu Hub Audiovisual da Industria Cultural co obxectivo de acelerar a recuperación económica e o fortalecemento do sector. En concreto, estas axudas contan cun orzamento 1,2 millóns de euros para posibilitar que as produtoras independentes poidan levar a cabo a preproducción simultánea de entre tres e cinco proxectos, de xeito que se impulse a solvencia do audiovisual galego e a súa capacidade para xerar contidos cunha alta viabilidade cara á súa posterior produción e distribución.

O Goberno autonómico avanza así na execución do Hub Audiovisual galego, que comezou a materializarse o pasado mes de setembro cunha primeira convocatoria para o fondo de atracción de rodaxes dotada con 2M€. Este programa supón unha inxección económica sen precedentes nas industrias culturais galegas, que alcanzará os 9,6 millóns de euros durante o trienio 2021-2023 a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dentro do eixo REACT-UE.

Ao tempo, continúaase traballando conxuntamente co sector no deseño do resto das medidas que conforman o Hub, dentro do que tamén se porán en marcha a plataforma Galicia Film Commission, un polo de talento, o plan creativo e empresarial para videoxogos e un fondo transversal para o conxunto da industria cultural.

Convocatoria pioneira a nivel estatal

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As novas subvencións de desenvolvemento de proxectos agrupados, pioneiras a nivel estatal, están pensadas para aquelas produtoras independentes, con máis de dous anos de traxectoria, que presenten paquetes de entre tres e cinco propostas de cinema ou televisión sobre as que teñan dereitos suficientes de propiedade intelectual, así como un acordo ou precontrato coas persoas encargadas do guión e da dirección.

O feito de dotar estas empresas dos medios suficientes para o desenvolvemento de varios proxectos en paralelo multiplicará as súas posibilidades de éxito para chegar a producilos, ao tempo que redundará nunha reactivación do conxunto da industria ao aumentar a demanda de propostas e a contratación de profesionais creativos e de servizos relacionados cos labores previos á produción audiovisual.

Poderán beneficiarse destes fondos tanto as produtoras galegas máis consolidadas, para acometer proxectos estratéxicos, como compañías máis recentes, pero con capacidade de crecemento suficiente para enfrontar un salto de escala. Búscase tamén promover a xeración dunha carteira de proxectos de propiedade industrial galega, con ambición de competir e captar outros financiamentos no mercado internacional.

Estas axudas veñen reforzar, así mesmo, a liña de subvencións ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais que a Xunta mantén desde 2013 e a través da que en 2021 se adjudicaron 300.000 euros entre 17 futuras producións. A experiencia destes anos permitiu constatar que os títulos apoiados nesta fase previa, encaran a súa produción con máis alianzas estratéxicas, tanto a nivel financeiro como artístico, e cunha maior calidade no seu deseño, que se vén reflectindo nos múltiples recoñecementos internacionais a obras audiovisuais galegas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ESTENDE A CATRO ANOS OS CONTRATOS PREDOUTORAIS E ELEVA NUN 38% A CONTÍA QUE RECIBIRÁ CADA INVESTIGADOR

- O Consello aprobou a convocatoria do vindeiro ano, á que destina 11,4M€ para 102 contratos predoutorais
- Incrementáanse en ata 30.000€ máis a contía recibida por cada beneficiario e amplíase ata catro anos o período do contrato fronte aos tres actuais
- Dáse a oportunidade de que un investigador predoutoral poida acceder a un contrato posdoutoral no seu último ano de bolsa
- Tamén se dá luz verde ás axudas para a consolidación de grupos de investigación máis competitivos do sistema de I+D+i galego, cunha dotación de preto de 23M€
- O Goberno galego leva mobilizado preto de 200M€ para estes grupos, o que garante que haxa 281 equipos científicos activos nestes momentos, o máximo histórico acadado ata o de agora

A Xunta de Galicia lanza a convocatoria do programa de axudas predoutorais 2022 cunha serie de melloras como o incremento dun 38,3% nas axudas que vai recibir cada investigador ata acadar os 112.000€ durante todo o período, así como a extensión do contrato durante catro anos (ata o de agora eran tres).

O Consello da Xunta vén de aprobar a orde conxunta entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación pola que se convocan as axudas predoutorais por un importe de 11,4 millóns de euros (fronte aos 8,2M€ actuais) e un total de 102 contratos.

Ademais, tamén deu luz verde ás axudas para a consolidación e estruturación dos grupos de investigación máis competitivos do sistema de I+D+i galego, cunha dotación de preto de 23M€ para o período 2022-2026, tamén de xeito conxunto entre ambos departamentos do Goberno autonómico.

Reforzo económico dos contratos predoutorais

No que atinxe ao programa de axudas predoutorais para o vindeiro ano, a Xunta reforza e mellora as condicións contractuais dos investigadores beneficiados, cun incremento de 30.000€ nas contías que percibirá cada beneficiario. Así pois, cada investigador recibirá ata un total de 112.000€ por todo o período fronte aos 81.000€ da última convocatoria.

Ademais, esténdese un ano máis (pasa de tres a catro anos) o período do contrato e dáse a oportunidade de que un investigador predoutoral poida acceder a un contrato

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

posdoutoral no seu cuarto ano. Isto é, se o investigador beneficiario dunha destas bolsas le a tese antes do inicio do seu cuarto ano de contrato, a Xunta financiaralle un contrato de capacitación para a etapa posdoutoral durante ese último ano, cunha dotación de 30.000€. En caso de non conseguir ler a tese antes desa data, o investigador beneficiario continuará o seu cuarto ano cun contrato predoutoral polo que recibirá 29.000€.

A Xunta de Galicia destina un total de 11.424.000 euros para garantir a formación inicial dos investigadores galegos a través dos contratos predoutorais no Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema galego de I+D+i cunha duración de ata catro anos.

O obxectivo deste programa, que se vén desenvolvendo desde o ano 2012, é a formación do persoal investigador desde etapas iniciais (preparación da tese doutoral), partindo da base de que, mediante procesos formativos estables, adquirirán as habilidades propias do persoal investigador. En concreto, hoxe hai 289 predoutorais realizando os seus traballos de investigación en Galicia grazas a esta liña de apoio da Xunta de Galicia.

Trátase de contratos de catro anos de duración a partir de agora que inclúen estadias de tres meses no estranxeiro. As persoas que resulten seleccionadas recibirán unha contía de 24.000 euros anuais durante os primeiros tres anos. O cuarto ano, recibirán 29.000 ou 30.000 euros en función de se len ou non a tese antes. A maiores hai que engadir un complemento de estadia no estranxeiro que pode acadar os 6.000 euros de máximo, xa que varía en función da zona de destino. Deste xeito, se o científico escolle Portugal ou Andorra recibirá 2.000 euros; se realiza a súa estancia en Europa (salvo os dous países anteriores), África ou América (agás Estados Unidos e Canadá) terá á súa disposición 4.000 euros; e se o destino é Estados Unidos, Canadá, Asia ou Oceanía, a achega será de 6.000 euros.

A convocatoria vai destinada ás universidades do SUG, aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións galegas de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos e Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para a súa formación como doutoras e doutores nos seus centros; e divídese en dúas modalidades.

Grupos de investigación máis competitivos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Doutra banda, a Xunta destinará preto de 23 millóns de euros a financiar o funcionamento dos grupos de investigación máis competitivos do sistema de I+D+i para o período 2022-2026.

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace a esta convocatoria conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, coa que se vai seguir dotando o sistema investigador de estabilidade e impulsando a súa excelencia.

Con cargo a esta liña de axudas, o Goberno galego leva mobilizado preto de 200 millóns de euros para estas entidades grupais, o que garante que a día de hoxe haxa 281 grupos cunha actividade investigadora constante, o máximo histórico acadado ata o de agora.

A convocatoria vai dirixida ás tres universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación en Galicia, ás fundacións galegas de investigación sanitaria e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia.

O obxectivo desta liña de axudas é asegurar un financiamento estrutural e continuado, condicionado a criterios de calidade, que garanta un financiamento basal dos grupos científicos máis excelentes do sistema galego de investigación universitaria que lles permita desenvolver o seu labor de xeito estable e cunha liberdade de acción suficiente para reorientalo, de ser o caso.

Liderado de mulleres

Ao igual que o ano pasado, a convocatoria inclúe o apoio a Grupos de Referencia Competitiva (Modalidade A), a Grupos de Potencial Crecemento (Modalidade B) e a Proxectos de Persoal Investigador con traxectoria excelente (Modalidade C). Ademais, mantense o criterio de ter en consideración o liderado e a importancia e o papel desempeñado polas mulleres nas propostas presentadas, co fin de contribuír a reducir o desequilibrio entre mulleres e homes dedicados á investigación no sistema galego de I+D+i.

As axudas das tres modalidades poderán destinarse ao custo de contratación de persoal investigador ou auxiliar de investigación, ferramentas de xestión do coñecemento e a información (aplicacións informáticas, bases de datos, etc), pequeno equipamento inventariable e material funxible, material bibliográfico, cotas de coloquios e congresos e adhesión a sociedades científicas; e formación do persoal do grupo relacionada coa actividade obxecto da axuda, así como a viaxes e axudas de custo de membros do grupo para a actividade obxecto da axuda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén serán conceptos subvencionables a contratación de investigadores visitantes, a organización de actividades de difusión, a publicación dos resultados da investigación en aberto (sempre e cando sexan como consecuencia da actividade do grupo), a consultaría e asesoramento externo, os gastos derivados da elaboración dun informe de auditoría e os custos indirectos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 19,3 MILLÓNS DE EUROS PARA A COMPRA DE VACINAS DO CALENDARIO DE VACINACIÓN SISTEMÁTICO

Esta compra asegura a continuidade e estabilidade do Programa galego de vacinacións

A Xunta de Galicia vai investir un total de 19.377.572 euros, no período 2022-2024, para a contratación da subministración sucesiva de vacinas do calendario vacinal sistemático, ademais doutras vacinas que se utilizan en situacións especiais e grupos de risco.

Esta contratación vén derivada do Acordo Marco do Ministerio de Sanidade e a Comunidade Autónoma de Galicia, no que fíxan as condicións da adquisición de 26 tipos de vacinas co obxectivo de acadar un aforro substancial dos custos asociados á súa adquisición, e, ademais, satisfácese as necesidades de adquisición de vacinas que son de utilización común no Sistema nacional de saúde, e que se requiren para o cumprimento dos fins de cada programa propio das comunidades autónomas.

Esta compra asegura a continuidade e estabilidade do Programa galego de vacinacións, que ten feito desaparecer practicamente moitas das enfermidades típicas da infancia como o sarampelo, a poliomielite, a difteria, así como manter en niveis moi baixos outras enfermidades como o tétanos, a hepatite B, e moitos tipos de meninxite. Este programa constitúe un dos grandes avances da saúde pública no século pasado que a Xunta de Galicia está a impulsar e mellorar neste, coa introdución de novas vacinas e o reforzo da vacinación no adulto.

Cómpre remarcar que a evidencia científica e de avaliación de programas e intervencións en saúde indica que os programas de vacinación constitúen unha das medidas máis eficaces de todas as actuacións sanitarias. A vacinación ten un efecto directo nunha maior saúde da poboación, no benestar e produtividade social e supón un importante aforro de recursos asistenciais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE PRETO DE NOVE MILLÓNS DE EUROS NA RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO DOS CENTROS SANITARIOS

- Os novos equipos contribúen a mellorar a accesibilidade dos profesionais ao teletraballo e ao emprego de recursos tecnolóxicos nos procesos asistenciais como a videoconsulta, xa integrada na nova versión da historia clínica electrónica
- Este acordo marco é o primeiro de tres que permitirán facer unha renovación integral da infraestrutura informática da sanidade pública galega cun investimento total de máis de 16 millóns de euros

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe un acordo marco por valor de 8.951.500 euros, para renovar de forma sucesiva o equipamento informático dos centros hospitalarios e de atención primaria do Servizo Galego de Saúde.

O expediente abrangue a subministración e posta en funcionamento de diverso material informático, entre o que se inclúen ata 19.500 pantallas, máis de 9.000 CPUs, 1.200 ordenadores portátiles e máis de 7.000 teclados. Ademais da adquisición do hardware, tamén se recolle a adquisición de todas as licenzas que son necesarias para o correcto funcionamento dos equipamentos, así como a instalación inicial do software.

A Xunta de Galicia actualiza os equipamentos existentes no Sergas impulsando con iso a transformación dixital dos procesos asistenciais, nos que as videoconsultas e o traballo colaborativo terán unha maior presenza. Deste xeito, a renovación de equipamento garantirá a accesibilidade dos profesionais ao teletraballo, así como ao emprego de recursos tecnolóxicos para teleasistencia: consultas virtuais, contacto remoto cos pacientes, etc.

Deste modo, as pantallas que vaian sendo adquiridas mediante este acordo marco deberán integrar cámara e micrófono para facilitar o uso da videoconsulta tanto nas consultas de atención primaria como en atención hospitalaria cando así sexa acordado por profesional e paciente. De feito, a nova versión do software da historia clínica electrónica IANUS que se está a instalar nos sistemas do Sergas xa incorpora a posibilidade de xestionar e rexistrar este tipo de consultas non presenciais.

A sanidade galega conta con nove grandes centros de procesos de datos, ten máis de 200 aplicacións informáticas diferentes despregadas nas súas infraestruturas, xa almacena máis de 2 petabytes de información e xestiona máis de 24.000 ordenadores, 2.200 servidores ou

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

5.300 equipos de comunicación. Cada minuto xéranse 2.000 imaxes dixitais para o diagnóstico clínico, dispénsanse 600 receitas ou xestiónanse 370 consultas clínicas.

A infraestrutura de redes e servidores debe ser reforzada para responder ás esixencias destes usos. A información clínica medra continuamente, demandando un correcto dimensionamento das capacidades de proceso, transferencia e almacenamento. Débese facer atendendo á seguridade, o que comporta a implementación de redundancias en practicamente todos os servidores, sistemas de almacenamento e dispositivos de rede.

En consecuencia, para asegurar o soporte desta actividade e tamén para ampliar as súas capacidades, a Xunta de Galicia está a abordar un proceso de renovación integral da infraestrutura informática da sanidade pública galega a través dunha partida de máis de 16 millóns de euros. Así pois, o Servizo Galego de Saúde completará este proceso de renovación coa próxima licitación doutros dous acordos marcos, un para a subministración e instalación da ampliación de servidores, almacenamento, *backup* a disco e electrónica de comunicacións *fibre channel* (Red San), por valor estimado de 3.675.800 euros e outro para a subministración sucesiva e instalación de equipamento de conmutación de rede por un valor estimado de 3.825.894 euros

Os obxectivos deste investimento son a renovación e aumento da capacidade de almacenamento do SERGAS en 3,5 petabytes, a renovación e aumento de novos servidores, cun aumento total de capacidade de memoria para executar aplicacións de 51 TeraBytes, a renovación e aumento dos equipamentos de comunicacións, subindo 120 Terabytes o ancho de banda e a renovación e aumento dos puntos de cobertura Wifi subindo o caudal de datos a 1 giga por punto de acceso.

Estas actuacións poderán ser susceptibles de financiamento ao 100% no marco do Eixo REACT-UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DO NOVO HOSPITAL PÚBLICO DA CORUÑA COMO PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO

- O Goberno galego adopta este acordo tras obter os informes favorables do Concello da Coruña e do Ministerio de Transportes como administracións directamente afectadas
- Segundo o previsto na Lei de Ordenación do Territorio de Galicia, a aprobación definitiva do proxecto do novo CHUAC levará implícita a declaración da súa utilidade pública e a adaptación do planeamento urbanístico
- Nos vindeiros meses realizarase de modo simultáneo a tramitación urbanística, ambiental e das expropiacións
- Ao longo do vindeiro ano 2022 definiranse tamén os primeiros proxectos construtivos e os traballos preliminares que se executarán no complexo, tanto nas edificacións como nos accesos viarios

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración do novo Hospital Público da Coruña, novo CHUAC, como proxecto de interese autonómico.

O Goberno galego autorizou esta declaración de interese autonómico para os efectos previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de Ordenación do Territorio de Galicia, que implicará tras a aprobación definitiva do proxecto, a declaración da súa utilidade pública e a adaptación do planeamento urbanístico.

Con esta declaración, determínase que o proxecto do novo hospital público da Coruña ten unha relevancia singular, o que xustifica a implicación da Xunta no seu desenvolvemento e impulso, unha absoluta prioridade para o Goberno galego.

O acordo adóptase tras obter os informes favorables do Concello da Coruña e do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, como administracións directamente afectadas.

Destaca, por un lado, o alcance territorial do proxecto, que transcende o termo municipal da Coruña e está vinculado a unha área xeográfica de prestación de servizo sanitario que abrangue unha poboación de 518.760 habitantes, nunha área xeográfica conformada por 28 concellos integrados na área funcional da Coruña. Ademais, o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CHUAC conforma, xunto á área sanitaria de Cee, unha área estratéxica e superior, que abrangue 36 concellos e 556.693 habitantes.

Por outra banda, trátase dun hospital de referencia para agudos e de superespecialización. É por iso que a súa influencia transcende das propias áreas CHUAC e da área estratéxica superior e, puntualmente, presta servizos especializados nas áreas de Lugo e Ferrol ou, nalgúns casos, en doentes que proveñen de calquera parte de Galicia.

Para esta aprobación elaborouse un documento técnico de proposta de actuación, no que se recollen as principais características da intervención prevista e se dá conta da súa importancia desde o punto de vista territorial e funcional. Nel, identifícanse ás administracións directamente afectadas, o Concello da Coruña e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, xa que está previsto mellorar a conectividade do hospital coa rede de estradas de titularidade do Estado.

Este documento recibiu o día 3 deste mes de decembro o visto bo da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta, que comprobou entre outras cuestións que a proposta resulta coherente coas determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

A continuación, deuse audiencia á Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Transportes e ao Concello de Coruña, que emitiron informe favorable á declaración con datas 17 e 22 de decembro, respectivamente.

Finalmente, no día de hoxe elevouse o expediente para a súa aprobación polo Consello da Xunta da declaración do proxecto como de interese autonómico.

En paralelo, a Xunta segue a avanzar no deseño da actuación, tanto no que se refire á edificación hospitalaria, como aos seus accesos e conexión coa rede viaria, para o que se está a traballar co Concello da Coruña e co Ministerio de Transportes.

Así, nos primeiros meses de 2022 inicianse as tramitacións ambientais, tanto do proxecto de interese autonómico do novo CHUAC como do proxecto do viario, que se prevé desenvolver de acordo coa Lei 8/2013 de estradas de Galicia para axilizar a súa tramitación, de forma que as melloras viarias estean xa parcialmente operativas no inicio da execución das obras do novo hospital.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nos primeiros meses de 2022, e unha vez se determine definitivamente o deseño da actuación e o seu ámbito, iniciaranse as conversas cos titulares dos bens afectados, xa que a vontade é chegar a un acordo con todos eles, para o que se están a preparar propostas de reubicación de vivendas na contorna máis próxima posible e para o que será necesaria a colaboración e implicación do Concello da Coruña.

Ao longo do ano 2022 realizarase a tramitación do proxecto de interese autonómico en , que implicará un proceso aberto de información pública e solicitude de informes sectoriais, e que finalizará, unha vez aprobado tamén o trámite ambiental, coa aprobación definitiva do proxecto do novo CHUAC, o cal implicará a declaración da súa utilidade pública e a adaptación do planeamento urbanístico.

En paralelo, e tamén ao longo do ano 2022, elaboraranse os proxectos e licitaranse as obras de traballos que sexa necesario adiantar para posibilitar despois a execución da obra principal, en materia de servizos como aparcadoiros, de viario e accesos que permitan unha adecuada accesibilidade ao hospital durante a execución das obras e, de ser posible, a habilitación de espazos de nova construción que permitan unha maior flexibilidade durante a execución dos traballos.

O novo CHUAC

A posta á disposición dos cidadáns dun novo hospital público de referencia para as persoas da área sanitaria da Coruña é unha das máximas prioridades do Goberno galego para os vindeiros anos. Así, para desenvolver o novo CHUAC prevese un investimento da Xunta superior aos 430 millóns de euros, que permitirán duplicar a superficie construída para hospitalización do actual CHUAC ata chegar aos 86.500 m², reformar integramente as actuais edificacións e dotalo dunha nova accesibilidade radicalmente mellor ca actual, cunha maior oferta de prazas de aparcadoiro, un novo acceso desde a AC-10 (túnel de Eirís), a mellora do acceso desde a avenida da Pasaxe e unha mellora tamén do transporte público e para peóns e ciclistas.

A Xunta xa está a avanzar cun horizonte de traballo para facer realidade o novo CHUAC. En outubro adxudicouse o contrato que acompañará o seu desenvolvemento desde o punto de vista técnico. Ese contrato, cun importe de máis de 6 millóns de euros, inclúe a tramitación urbanística, ambiental, de expropiacións, a redacción dos proxectos e a dirección das obras, de modo que se logre a máxima consistencia e coherencia ao longo de todo o proceso.

Ademais, estase a executar a obra da "fase 0", na que se invisten 13 millóns de euros para a creación dun novo hospital de día; o incremento do número de camas grazas á

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

creación dunha nova planta de hospitalización; e a ampliación os servizos de urxencia e o número de camas para coidados intensivos.



Imaxes do novo CHUAC



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS A CONCELLOS PARA A POSTA EN MARCHA DE UNIDADES DE ATENCIÓN TEMPERÁ

- O Goberno galego duplica no ano 2022 o orzamento destinado a este servizo ata os 6,2 millóns de euros, o que permitirá a apertura de novos centros e consolidar as xa existentes
- Subvencionará o mantemento de ata 50 unidades por toda Galicia e incrementará nun 5% os fondos destinados a cada unha, así como o financiamento do 100% das horas ofertadas
- Nestes momentos o Goberno galego achega fondos para as tres unidades xestionadas pola Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) e as 33 de xestión municipal

O Consello da Xunta aprobou unha nova convocatoria de axudas para que os concellos ou agrupacións de concellos poñan en marcha unidades de atención temperá. O Goberno galego duplicará no ano 2022 o orzamento destinado a este servizo ata chegar aos 6,2 millóns de euros. Isto permitirá a consolidación das 36 unidades xa existentes, e a creación doutras novas ata chegar a un total de 50. Ademais, buscarase mellorar o seu funcionamento e a calidade do servizo.

En concreto, esta nova orde incrementará nun 5% os fondos que a Xunta destina a cada unha destas unidades, para sufragar custos de mantemento do local, de luz ou de material e pasará de financiar o 90% das horas de atención que se ofertan a facelo no 100%. Na actualidade, ademais das unidades de titularidade municipal, Galicia dispón de recursos de atención temperá nos hospitais públicos e tres unidades nas comarcas do Deza, Salnés e Bergantiños, xestionadas pola Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT).

Nestes doce anos, a Xunta reforzou a aposta pola atención temperá ao multiplicar por dez a súa extensión. Pasou de cubrir 15 concellos no ano 2009 a atender a 167 na actualidade. Este servizo é fundamental para actuar sobre os trastornos que poden sufrir no desenvolvemento os nenos de ata 6 anos. É un modelo baseado na prevención, na identificación e no tratamento precoz e facilita aos pequenos ferramentas para gañar autonomía desde a infancia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA ADMINISTRACIÓN LOCAL PARA GARANTIR O FUNCIONAMENTO ÓPTIMO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 10,3 M€

- O Consello do Goberno galego autorizou a sinatura de varios convenios entre a Vicepresidencia 1ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as catro deputacións para financiar os GES
- A Administración autonómica achega para esta finalidade máis de 10,3 millóns de euros, que representan o 52,5% do global do orzamento destes convenios, que supera os 19,7 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de varios convenios entre a Vicepresidencia 1ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as catro deputacións da nosa comunidade para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, os GES. En concreto, asinaranse tres convenios. Un conxunto coas deputacións da Coruña e Lugo, que terá vixencia dun ano. Outro coa de Ourense, que se prolongará ata o ano 2024 e un terceiro coa de Pontevedra, que estará en vigor ata o ano 2023.

O importe total dos tres convenios -contabilizando as achegas das distintas administracións asinantes- ascende a 19.741.666,72 euros, facilitados na súa maior parte pola Xunta (nunha porcentaxe do 52,5%, que representa unha achega de 10,3 millóns de euros), e cofinanciados parcialmente co Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Esta acción lévase a cabo ao considerar que o traballo dos grupos de emerxencia supramunicipais contribúe a mellorar as condicións xerais de seguridade das persoas e das súas propiedades en situacións de risco e tamén a aumentar a protección do monte e dos bens non forestais fronte os incendios.

Actuacións e funcións dos GES

Desta forma, garántese que os GES sigan prestando o servizo público e as súas actuacións en materia de emerxencia, protección civil e prevención contra incendios forestais. Así, estes grupos continuarán intervindo en incendios, tanto forestais como urbanos, traballarán na definición e mantemento das redes de faixas de xestión da biomasa para a prevención e defensa contra os lumes e seguirán a realizar prácticas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

preventivas de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal.

Ademais, proseguirán coa realización de actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación, tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan á súa prevención, así como con prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de cortalumes. Continuarán, a maiores, intervindo en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas e en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntes de terra, situacións de seca etcétera.

Por outra banda, entre as súas funcións está tamén a de colaborar e, de ser o caso, intervir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home e a de cooperar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados.

Por último, entre estas tarefas dos GES figurará calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación de emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.

Competencia local

Cómpre lembrar que a atención ás emerxencias é unha competencia local que corresponde aos concellos de máis de 20.000 habitantes e ás deputacións provinciais nos municipios de menos poboación.

Co obxectivo de completar e mellorar a atención das emerxencias da comunidade optimizando a cobertura e os tempos de resposta, a Xunta propuxo unha serie de melloras, que unicamente foron aceptadas pola deputación de Ourense. Entre outras, aumentar os cadros de persoal de todas as sedes dos GES ata os 12 efectivos, incrementar en 40.000€ o custo anual dos GES para actualizar os custos salariais dos traballadores e equiparar o curso anual dos servizos municipais ao custo anual dos GES, pasando dos 155.000 aos 320.000 euros. Na provincia de Pontevedra, ademais, propúxose crear un subGes no Grove.

Pola súa parte, as deputacións de Lugo, Coruña e Pontevedra rexeitaron aplicar as melloras propostas polo Goberno galego na atención das emerxencias e optaron por renovar o convenio nas condicións actuais, no caso de Coruña e Lugo por un ano, e no

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

caso de Pontevedra, por dous anos. En Ourense, as melloras serán efectivas para os 12 GES da provincia e por un período de 3 anos, polo que a decisión das outras tres deputacións provocará que se produza unha situación de desigualdade na cobertura do actual mapa das emerxencias e un prexuízo para os concellos sede dos GES que recibirán menos financiamento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DISPORÁ DE MÁIS DE 8 MILLÓNS DE EUROS PARA A MELLORA DOS PARQUES EMPRESARIAIS

- O Goberno galego acorda convocar unha nova edición das axudas destinadas a modernizar as infraestruturas que incorporan, como novidade, a posibilidade de instalar servizos de subministración de gas e hidróxeno
- Tamén se activarán apoios para a implantación de viveiros industriais de empresas dirixidos aos novos empresarios nas súas primeiras etapas de actividade
- Convocaranse axudas para reforzar as redes de distribución eléctrica, o que permite ofrecer máis seguridade e calidade de servizo ás empresas
- Estes apoios, de concorrencia competitiva, contan cunha intensidade do 80%, tendo prioridade nas convocatorias os concellos emprendedores
- Grazas a anteriores convocatorias, estas liñas permitiron impulsar máis de 690 proxectos de infraestruturas, 17 viveiros industriais e catro proxectos de redes de distribución

A Xunta, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, destinará un total de 8,35 millóns de euros á mellora dos parques empresariais galegos, co obxectivo de renovar e modernizar estas infraestruturas, favorecer a creación de novas compañías e empregos, así como impulsar a competitividade do tecido empresarial galego.

Desde xeito, o Goberno galego activará tres liñas: unha para a mellora de polígonos, outra para a creación de viveiros industriais e unha terceira para reforzar as redes de distribución eléctrica. O acordo desta mañá do Consello da Xunta permite autorizar as tres convocatorias por anticipado de gasto e así poder publicalas o antes posible a principios de 2022.

En concreto, resérvanse 3,25 millóns de euros para apoiar proxectos de instalación de plantas de depuración de augas, xestión de residuos, infraestruturas viarias, sistemas de seguridade e vixilancia, instalacións de loita contra incendios, sistemas contra roubo de cable e, como novidade, servizos centralizados de subministración de gas e hidróxeno. Poderán acceder a estas axudas os concellos galegos, que recibirán un máximo de 120.000 euros por proxecto, cantidade que ascende aos 138.000 no caso de presentar unha solicitude conxunta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra parte, destínanse 1,5M€ a impulsar actuacións para a construción, reforma ou equipamento interior de naves industriais para crear un viveiro industrial de empresas. Os apoios están dirixidos aos concellos, que deben ser titulares das naves. A axuda máxima será de 240.000 euros por solicitude.

Por último, a Xunta activará unha orde de axudas para o reforzo e extensión da rede de distribución eléctrica que dá servizo ao parque empresarial. Os beneficiarios tamén serán os concellos, que poderán recibir un máximo dun millón de euros. En total resérvanse 3.600.737 euros.

Estes tres apoios, de concorrencia competitiva, terán unha intensidade do 80% e recollen anticipos de ata o 25% da axuda concedida, agás para a liña de redes que será do 50%. Na selección de proxectos teranse en conta criterios como a superficie do parque, o seu nivel de ocupación, a poboación do municipio e se é concello emprendedor.

Estas liñas contribúen a apoiar os concellos galegos e pretende ser, ademais, un impulso para a captación de investimentos en Galicia polo que, neste sentido, encaixa nas medidas que fomenta a Lei de implantación empresarial na que os concellos emprendedores teñen un papel fundamental á hora de colaborar co Goberno galego para facilitar ás empresas beneficios fiscais, acceso ao solo e facilidades administrativas a cambio de contar con prioridade en ordes de axudas como estas.

Estes apoios xa permitiron impulsar 690 proxectos de infraestruturas desde o ano 2009, executar un total de 17 viveiros industriais desde que se puxo en marcha en 2016, así como apoiar catro iniciativas de reforzo de redes na edición convocada ata agora.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O NOVO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA PREVE ACADAR EN 2030 A CONVERXENCIA PLENA CON ESPAÑA EN RENDA PER CÁPITA DOS FOGARES E REDUCIR A TAXA DE PARO AO 8%

- A Xunta prevé un crecemento medio do PIB de entre o 2% e o 2,5% anual, por riba da media de España
- O Plan Estratéxico 2021-2030 estruturarase entorno a cinco eixes, 20 prioridades, e 70 obxectivos estratéxicos con 140 indicadores de resultado
- Os cinco eixes do novo Plan serán o reto demográfico, Galicia verde e sostible, competitividade e crecemento, cohesión social e territorial, e gobernanza
- Ademais terá o obxectivo de acadar 10 metas no ano 2030 entre as que destacan a de reforzar a saúde e calidade de vida, consolidar o sistema educativo entre os mellores de España, potenciar o peso do sector industrial ou favorecer unha Galicia dixital e innovadora
- A Xunta celebrará unha terceira rolda de mesas de expertos e representantes da sociedade civil para seguir debatendo as prioridades e os obxectivos da Galicia de 2030

O novo Plan Estratéxico 2021-2030 prevé que Galicia acade en 2030 a converxencia plena con España en termos de renda per cápita dos fogares e que reduza a taxa de paro ao 8%, segundo se desprende do informe presentado hoxe no Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos. Ademais, prevé un crecemento medio do PIB de entre o 2% e o 2,5% anual, por riba da media de España.

O Plan terá como prioridades acadar unha recuperación sostible, resistente e inclusiva; deseñar a Galicia do futuro poñendo no centro o reto demográfico; acadar unha Galicia máis sostible e climaticamente neutra; promover unha sociedade innovadora, moderna, competitiva, solidaria e cohesionada; favorecer os valores diferenciais de Galicia como motores de desenvolvemento; e garantir unha senda previsible, rigorosa e estable de actuación do Goberno galego a medio prazo.

Así, o Plan Estratéxico 2021-2030 contará con cinco eixes, 20 prioridades de actuación, e 70 obxectivos estratéxicos con 140 indicadores de resultado e será coherente cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 e cos obxectivos políticos e específicos dos Programas Operativos 2021-2027. Os cinco eixes estratéxicos do Plan serán reto demográfico (eixe 1); Galicia verde e sostible (eixe 2); competitividade e crecemento (eixe 3); cohesión social e territorial (eixe 4); e gobernanza (eixe 5).

Metas

O Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 terá o obxectivo de acadar 10 grandes metas no ano 2030: converxencia, máis e mellor emprego, reforzar a saúde e calidade de vida,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consolidar o sistema educativo entre os mellores de España, avanzar cara a neutralidade climática, aumentar o peso das enerxías renovables, potenciar o peso do sector industrial e mellorar a competitividade, favorecer unha Galicia dixital e innovadora, continuar reducindo o risco de exclusión social e garantir unha Galicia sen fendas de xénero.

En canto á converxencia en renda bruta, en 2030 Galicia acadará a converxencia plena con España en termos de renda per cápita dos fogares. No emprego, o obxectivo é aumentar un 10% a taxa de ocupación da poboación entre 20 e 64 anos, reducir en catro puntos a taxa de paro ata o 8% ou diminuír á metade a taxa de paro xuvenil.

Na meta de saúde e calidade de vida, a Xunta propónse que o 100% das persoas beneficiarias do sistema de dependencia reciban unha prestación efectiva. En canto ao sistema educativo, Galicia busca reducir outros cinco puntos a taxa de abandono temperán ata o 7%, mellorando o rendemento educativo do alumnado medido por PISA; acadar un 45% da poboación de 25 a 64 anos con educación superior; e obter unha taxa de cobertura escolar de 0 a 3 anos con prazas públicas do 60%.

Ademais, o obxectivo do Goberno galego é avanzar cara unha Galicia climaticamente neutra reducindo as emisións efecto invernadoiro ata o 55% respecto a 1990, que equivale a unha diminución do 64% en relación a 2005. Tamén debe aumentar o peso das enerxías renovables no mix produtor incrementando ata o 58% a porcentaxe de enerxías renovables no consumo final da enerxía.

Así mesmo, nesta década continuarase aumentando o peso do sector industrial e mellorando a competitividade para o que se fixan as metas de incrementar o valor das exportacións ata o 45% do PIB, 10 puntos máis que na actualidade, e ampliar o tamaño das empresas en máis dun 25%. Por outro lado, a Xunta quere favorecer unha Galicia dixital e innovadora e para impulsar este obxectivo incluírase duplicar o gasto en I+D ata situarse próximo ao 2% do PIB; incrementar nun 25% o número de empresas innovadoras; ou que o 90% da poboación adulta conte con competencias dixitais básicas.

Finalmente, a meta de redución do risco de exclusión social incluír á o obxectivo de diminuír a taxa de risco de pobreza e exclusión social ata o 14%; e a meta de lograr unha Galicia sen fendas de xénero recollerá unha equiparación das taxas de ocupación femininas e masculinas.

Proceso de participación

Os traballos para deseñar o Plan Estratégico 2021-2030 comezaron no ano 2019 coa celebración de dúas roldas de mesas de traballo con expertos e coa apertura do proceso de participación pública para todos os cidadáns. Este proceso viuse afectado pola

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aparición da pandemia que obrigou a adaptar a folla de ruta estratéxica a unha situación non vivida nun século.

Agora, a Xunta celebrará unha terceira rolda de mesas de expertos e representantes da sociedade civil para seguir debatendo as prioridades e os obxectivos da Galicia de 2030. Unha vez aprobado o Plan remitirase ao Parlamento para que os grupos parlamentarios poidan facer as súas achegas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 1 M€ NO 2022 EN AXUDAR OS CONCELLOS A DOTAR E MELLORAR OS SERVIZOS BÁSICOS Á POBOACIÓN NAS ALDEAS MODELO OU NAS ZONAS DE POLÍGONOS AGROFORESTAIS

- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural no que se detalla esta nova liña de subvencións, que se aprobará no marco da Lei de recuperación da terra
- Estas subvencións financiarán actuacións como a mellora das redes de iluminación pública, a pavimentación de vías municipais ou a dixitalización de núcleos rurais, entre outras moitas

A Xunta, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, destinará un total de 1.093.333 euros o vindeiro ano a unha nova liña de axudas para apoiar os concellos galegos co fin de proporcionar á poboación rural das áreas territoriais nas que se están a poñer en marcha instrumentos de mobilización e recuperación de terra agraria os servizos e dotacións básicas que cubran as súas principais necesidades.

Trátase de propiciar, por parte da Administración autonómica, a implantación de actividades que poidan xerar emprego e fixar poboación, apoiando a implantación e mellora dos servizos á poboación rural e procurando satisfacer as novas necesidades dos habitantes e das empresas que se localicen nesas áreas rurais.

Estas consideracións recóllense nun informe da Consellería do Medio Rural avaliado hoxe polo Consello da Xunta. Neste documento explícase que o contexto no que se programan estas axudas -cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)- ten que ver, fundamentalmente, coa aplicación da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. A súa principal motivación é a loita contra o abandono e a infrautilización das terras e facilitar base territorial suficiente a aquelas explotacións que a precisan, á vez que procurar anticiparse aos incendios e traballar, en definitiva, pola recuperación demográfica e pola mellora da calidade de vida da poboación no rural.

As axudas, que se publicarán proximamente, consistirán en subvencións directas de capital e o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Os beneficiarios serán aqueles concellos en que se teña declarado no seu territorio unha aldea modelo ou iniciado o procedemento de aprobación para o desenvolvemento dun polígono agroforestal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as actuacións que serán obxecto de apoio figuran a instalación, ampliación ou mellora das redes de iluminación pública; a construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de espazos públicos, como prazas, paseos, rúas ou parques infantís e a pavimentación de vías públicas municipais. Tamén se recolle a rehabilitación de elementos patrimoniais tales como fontes, lavadoiros, muíños ou hórreos; a implantación e mellora de servizos asistenciais para a infancia ou os maiores; a dotación ou mellora de servizos culturais ou a dixitalización de núcleos rurais, entre outras accións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

